

## INSTRUCCIÓN PARA O PAGAMENTO DE COLABORACIÓN EXTERNAS CON CARGO A ACTIVIDADES E PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN

O Consello de Goberno na súa reunión do día 8 de novembro de 2005 aprobou a modificación dos artigos 11 e 12 do regulamento para a realización de actividades de investigación ao abeiro do establecido no artigo 83 da Lei Orgánica 6/2001 de Universidades.

No citado artigo 11 defínense como colaboracións externas a *“aqueles servizos que se presten con cargo a unha actividade ou proxecto de investigación que polo seu carácter puntual e esporádico non dan lugar a unha relación laboral, e polo tanto non poden ser formalizados mediante un contrato laboral ou nomeamento de bolseiro. O persoal que preste este tipo de servizos non poderá ter ningún tipo de vinculación coa USC”*.

No apartado b) do artigo 12 establece *“que para os colaboradores que non teñan o carácter de profesionais ou autónomos comprendidos nos apartados anteriores, así como aos colaboradores definidos no apartado c) do artigo 11, deberase xustificar o encargo e a aceptación do mesmo, e abonaráselle as súas colaboracións unha vez acreditado o seu cumprimento, todo isto mediante o formulario que se establece para estes efectos. En todo caso deberá cumprirse a Lei de Incompatibilidades das Administracións Públicas”*.

O apartado 3) do mesmo artigo 12 establece: *“con independencia da súa contía e dado o carácter puntual e esporádico das colaboracións, ningún colaborador dos definidos nos apartados b) e c) do artigo 11 poderá percibir por este concepto máis de tres pagamentos con cargo ao mesmo exercicio económico, sen que sexa posible o pagamento acumulado de traballos periódicos.*

*En ningún caso se utilizará a figura de colaborador externo para retribuír a participación na actividade do persoal con vinculación laboral ou de bolseiro coa USC.*

Definido o novo marco xurídico cumpre agora clarificar as xestións que teñen que realizar cada un dos axentes implicados neste proceso (Investigadores Principais, Responsables de Asuntos Económicos e OIT), para o que se establece o seguinte:

### PROCEDEMENTO

1.-As colaboracións externas prestadas por profesionais, autónomos ou empresas abonaranse, trala realización do servizo e presentación da correspondente factura, a través dos responsables de asuntos

económicos, polo procedemento habitual, respectando en todo caso a normativa de contratos das administracións públicas.

2.-Para abonar as colaboracións externas non comprendidas no apartado anterior respectaranse as seguintes limitacións:

- a) Para poder prestar este tipo de colaboracións e, polo tanto percibir as correspondentes contraprestacións económicas, os interesados deberán ter vinculación laboral ou estatutaria cunha Universidade distinta da USC, Centro de Investigación ou en xeral con calquera administración pública. Debéndose cumprir en todo caso a Lei de incompatibilidades das Administracións Públicas.

Como xustificación desta vinculación deberán achegar algún destes documentos:

- Copia do seu nomeamento como funcionario
  - Certificación expedida polo órgano correspondente
  - Copia do seu contrato laboral
  - Calquera outro documento que acredite a súa vinculación (p.e. copia da nómina)
- b) Para o pagamento destas percepcións deberá utilizarse necesariamente o formulario elaborado ao efecto, seguíndose as seguintes instrucións:
    - O pagamento realizarase sempre por transferencia bancaria
    - O formulario cumprimentarase empregando os medios telemáticos existentes na WEB da Oficina de Investigación e Tecnoloxía.
    - Unha vez cumprimentado imprimírase un orixinal e tres copias. O orixinal e a primeira copia xunto coa documentación xustificativa da vinculacións remitírase á Oficina de Investigación e Tecnoloxía (Unidade de Xestión da Produción Científica e Tecnolóxica), a segunda copia será para o Director do Centro de Gasto e a terceira copia para os Responsable de Asuntos Económicos (RRAAEE).

- Os RRAAEE comprobarán que tódolos datos requiridos no formulario estean cubertos e que se aplica o desconto de IRPF correspondente.
- Os RRAAEE cumprimentarán o documento ADOP, que se achegará ca documentación a remitir a OIT.
- Como número de factura consignarase o que figura na parte superior dereita do formulario (as letras CE seguido de cinco díxitos, pe. CE000001) este número xenarase automaticamente cando se imprima o documento.
- Se algún colaborador invoca un convenio internacional para evita-la dobre imposición fiscal, este deberá acreditar a súa residencia fiscal no país do que se trate mediante certificado emitido polas autoridades fiscais daquel país. Nestes casos, logo de confirma-la existencia e ámbito de tal convenio enviarase unha copia de toda a documentación, incluído o pasaporte, á OIT para a súa inclusión na declaración fiscal procedente. No apartado observacións indícarase convenio internacional con...
- A Oficina de Investigación e Tecnoloxía unha vez verificado o cumprimento do establecido no artigo 12, apartado 3) último parágrafo e que a documentación xustificativa da vinculación é suficiente remitirá o orixinal ao Servizo de Contabilidade, Orzamentos e Tesourería.

Santiago de Compostela, 20 de decembro de 2005  
O Vicerreitor de Investigación e Innovación

Eduardo García Rodeja